

ANEXO XXII

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E AS ENTIDADES COLABORADORAS ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA E ASOCIACIÓN DIH DATALIFE PARA O APOIO NA XESTIÓN DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS NO MARCO DO PROGRAMA CONECTA-COVID

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro.

Doutra parte, D. JUAN ANTONIO LLOVES GUNTÍN , NIF _____ en nome e representación do hub *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* (NIF G-27877166) na súa calidade de Presidente, en virtude de Acta fundacional, con capacidade para asinar convenios segundo o Artigo 33 dos Estatutos da devandita entidade.

Doutra parte, PABLO ÁLVAREZ FREIRE, NIF _____ , en nome e representación do hub *Asociación DIH Datalife – Hub de Innovación Dixital DATAlife* (NIF G-70603063) na

súa calidade de presidente, en virtude de Acta fundacional da Asociación, con capacidade para asinar convenios segundo o Artigo 23, punto f) dos Estatutos da devandita entidade.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, ao efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos de GAIN atribúenlle, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Así mesmo, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da posta en marcha de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes del sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

SEGUNDO

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) define o marco para as políticas de investigación e innovación supeditando as prioridades de investimento a tres retos. Cada un destes retos ten asociadas unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os que cabe destacar as respectivas axendas dixitais e o programa H2020.

Considerando este contexto, a Xunta de Galicia, de forma coherente e coordinada coas orientacións en materia de dixitalización e especialización intelixente da Comisión Europea, aposta por un modelo de hubs de innovación dixital que permitan á pequena e mediana empresa innovar a través das novas tecnoloxías, logrando ser así máis competitivas e gañar en tamaño. Así, a través de dinámicas de colaboración público-privada que agrupen e articulen de forma aberta a todos os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos para Galicia, búscase mellorar a competitividade da economía galega.

Os hubs de innovación dixital son estruturas funcionais de soporte que axudan ás empresas para ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais/de produción, así como os seus produtos e servizos a través das tecnoloxías dixitais.

Os hubs de innovación dixital permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados, facilitando á industria o acceso a diferentes servizos de innovación que posibilitan unha adecuada integración de tecnoloxías emerxentes na súa estratexia de negocio. O enfoque tecnolóxico dos hubs

de innovación dixital debe cubrir de forma prioritaria tecnoloxías que presenten un potencial importante para a industria, pero cunha taxa de penetración actual limitada.

TERCEIRO

Que GAIN ten previsto publicar próximamente as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas para para proxectos de I+D+i relacionados coa COVID-19 que favorezan a recuperación e a transición dixital das pemes galegas (Programa Conecta-Covid), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID19 . Estas axudas están dentro do marco da RIS3 Galicia.

CUARTO

Que o hub *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* (NIF G-27877166) constituído o 28 de novembro de 2019 é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

Que o hub *Asociación DIH DATAlife – Hub de Innovación Dixital DATAlife* (NIF G-70603063) constituído o 31 de outubro de 2019 é unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

QUINTO

Que segundo Resolución do 5 de abril de 2019 (DOG do 3 de maio de 2019), os hub *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e *Asociación DIH DATAlife* resultaron seleccionados na convocatoria (Resolución do 4 de decembro de 2018, publicada no DOG do 18 de decembro de 2018) para a selección de proxectos de hubs de innovación dixital que contribúan ao avance da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), recoñendo así o seu carácter estratéxico no marco da RIS3 Galicia.

Que o 16 de decembro de 2019 os hubs *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e *Asociación DIH DATAIife* asinaron cadanseu convenio de colaboración con GAIN para o financiamento das actuacións necesarias para creación, "definición, planificación e posta en marcha do hub de Innovación Dixital". A distribución do orzamento nas anualidades 2019 e 2020 deses convenios foi modificada nas respectivas addendas asinadas, en ámbolos dous casos, o 31 de decembro de 2019.

SEXTO

Que a selección dos hub *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e *Asociación DIH DATAIife* na convocatoria sinalada no punto anterior implica o recoñecemento do seu carácter estratéxico por parte da Administración galega e, polo tanto, permite a súa participación como entidade colaboradora apoiando a GAIN na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do Programa Conecta Covid.

Ambas entidades xa participan como entidades colaboradoras no Programa CONECTA-HUB da Axencia Galega de Innovación.

SÉTIMO

Que as partes consideran que co fin de asegurar a idoneidade destas axudas coa integración eficiente das tecnoloxías dixitais ao abeiro do modelo de especialización intelixente de Galicia, optimizando, a súa vez, a contribución dos proxectos que se financien á transformación dixital das pemes galegas para avanzar na recuperación económica; e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e a *Asociación DIH DATAlife* para a participación dos hub asinantes, como entidades colaboradoras, apoiando a GAIN na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do Programa Conecta-Covid.

SEGUNDA.- Entidades colaboradoras

Os hub *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e *Asociación DIH DATAlife* actuarán como entidades colaboradoras, segundo o disposto no artigo 13 da lexe 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, apoiando a GAIN na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do Programa Conecta-Covid. O obxectivo desta actuación é impulsar o papel dos Hubs como axentes articuladores do Sistema Galego de Innovación, continuando coa labor iniciada no Programa CONECTA-HUB, asegurando a coherencia dos apoios aos proxectos do Programa Conecta-Covid coas tecnoloxías dixitais ao abeiro do modelo de especialización intelixente de Galicia e a maximización a súa contribución á transformación dixital das pemes galegas para preparar unha recuperación dixital da economía galega.

TERCEIRA.- Descrición da participación como entidades colaboradoras

A participación, como entidades colaboradoras, da *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e da *Asociación DIH DATAlife* no Programa Conecta-Covid será efectiva nos ámbitos que se indican a continuación:

- Colaborando con GAIN na xestión da convocatoria para a selección de proxectos no marco do Programa Conecta-Covid. Esta actuación intégrase tamén no marco de traballo compartido ao abeiro dos respectivos convenios xa asinados con GAIN para optimizar o impacto do financiamento público ao supervisar a coherencia das propostas financiadas na convocatoria do Programa Conecta-Covid. cos obxectivos estratéxicos e o Plan de explotación dos Hubs.
- Colaborando coas empresas participantes na resolución de dúbidas que poidan ter en relación cos obxectivos , tecnoloxías e co desenvolvemento dos Hubs.

- Difundindo a convocatoria e os seus resultados como entidade facilitadora próxima ao tecido produtivo.

Os Hubs *Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia* e *Asociación DIH DATAlife* emitirán os seguintes informes:

- Fase de selección de proxectos:
 - O sentido do informe versará sobre a idoneidade ou a non idoneidade do proxecto en relación a :
 - a integración eficiente no plan de traballo do proxecto das tecnoloxías dixitais nas que os Hubs están especializados.
 - a súa potencial contribución á transformación dixital das pemes galegas no seus ámbito estratéxicos, así como a súa contribución a preparar unha recuperación dixital da economía galega.
 - O informe solicitado deberá ser presentado no prazo de 20 días naturais, preceptivo pero non vinculante para a Administración.
 - Sen prexuízo do anterior, GAIN poderá solicitar toda documentación aclaratoria respecto dos informes emitidos, así como solicitar unha ampliación dos argumentos contidos nos informes, ou plantexar calquera dúbida necesaria para poder levar a cabo a avaliación dos proxectos.
- Fase de seguimento dos proxectos financiados: Cada hub emitirá os Informes individuais dos proxectos financiados que lle sexan asignados en relación coa coherencia do desenvolvemento de cada proxecto cos aspectos antes citados

CUARTA.- Obrigas de cada entidade colaboradora

Cada entidade colaboradora obrígase, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

- a) Redactar os informes e cumprir os demais aspectos da colaboración que se establecen nas cláusulas deste convenio e que se poderán concretar nas respectivas bases reguladoras e convocatoria do Programa Conecta-Covid .
- b) Divulgar o Programa Conecta-Covid de GAIN e darlle publicidade á iniciativa mediante anuncios indicativos e visibles na páxina web, onde consten con notoriedade os logotipos da Xunta de Galicia e de GAIN.
- c) Difundir os resultados dos proxectos que se desenvolvan no marco do Programa Conecta-Covid.
- d) Presentar a documentación que GAIN considere necesaria para a correcta xestión e seguimento de convocatoria.
- e) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- g) Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
- h) Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ao presente convenio.
- i) Consentir expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre a entidade colaboradora e GAIN nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- j) Presentar a GAIN unha declaración individual de confidencialidade e ausencia de conflito de interese (segundo o modelo do Anexo I) de cada persoa que vaia a participar nas actuacións que se desenvolven no marco deste convenio.

QUINTA.- Financiamento

As actuacións desenvolvidas no marco deste convenio non xerarán nin darán lugar a ningunha clase de contraprestación económica entre as entidades asinantes.

SEXTA.- Compromisos de cada entidade colaboradora previos á sinatura do convenio

Presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Presentar as declaracións individuais de confidencialidade e ausencia de conflito de interese establecidas no punto h) da cláusula Cuarta deste convenio. Se despois da sinatura do convenio se incorpora algunha persoa máis ao equipo que terá acceso á información e documentación enviada por GAIN, o hub deberá enviar a GAIN a correspondente declaración antes de que esa persoa teña acceso á referida información e/ou documentación.
- Presentar, os obxectivos estratéxicos e os retos específicos
- Cada hub deberá publicar na súa páxina web os seus obxectivos e tecnoloxías estratéxicas e os retos específicos.

SÉTIMA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN e un representante de cada entidade colaboradora designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio. Para garantir un correcto seguimento, a Comisión celebrará as reunións que sexan necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da convocatoria.

2. Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión poderá reunirse as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolvan as actividades previstas.
- O mutuo acordo das partes

NOVENA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

Cada entidade colaboradora do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de GAIN e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte de cada entidade colaboradora para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 5 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios, e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

O presente convenio de colaboración estará en vigor dende o momento da súa sinatura e estará vixente durante o mesmo período de duración que o dos proxectos que resulten seleccionados na convocatoria Conecta Covid.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e pola restante normativa que no seu caso resulte de aplicación.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Francisco José Conde López

*Pola Asociación para la Digitalización de
la Industria de Galicia*

Pola Asociación DIH DATAlife

JUAN ANTONIO LLOVES GUNTÍN

PABLO ÁLVAREZ FREIRE

ANEXO I

DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE E AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESE PARA A PARTICIPACIÓN, COMO PARTE DA ENTIDADE COLABORADORA NO PROGRAMA CONECTA-COVID

D./D^a con D.N.I nº

DECLARO

- Que coñezo que a documentación que me facilitará GAIN, a través do hub, para a realización das actividades indicadas nas cláusulas do Convenio suscrito entre a devandita entidade e a Axencia Galega de Innovación, ten carácter confidencial.
- Que me comprometo a manter e gardar a máis absoluta confidencialidade, secreto profesional e reserva de todos os datos e información intercambiada, así como da documentación derivada que puidese xerarse; a utilizala única e exclusivamente para os efectos de desempeñar as tarefas atribuídas ao hub como entidade colaboradora no Programa Conecta-Covid, todo iso de conformidade co establecido nas cláusulas do Convenio suscrito entre a devandita entidade e a Axencia Galega de Innovación.
- Que, en caso de cesión ou acceso por terceiros, comprométome a informar do carácter confidencial da información cedida/accedida e das medidas e implicacións desta cualificación.
- Que non estou incurso nunha situación de conflito de interese nin teño ningún tipo de incompatibilidade para analizar a información e documentación que me sexa asignada.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

SINATURA: